


# OS CHANS DO BARBANZA

## Liga Galega de O-Pé

4 Xullo 2015

## BOLETÍN 2



**Organizador:** USC Orientación

**Dirección:** Pilar Veiga, Santiago Fraga


**Equipo técnico**

- **Cartografía:** Iván Mera
- **Percorridos:** Xavier Viana, Ignacio Sordo
- **Balizado:** Pilar Veiga, Xavier Viana, Ignacio Sordo, Miguel Ramos
- **Sport Ident:** José Ramón Pacheco, Santiago Fraga

**Xuíz Controlador:** Ramón Fernández Torres

**Xurado técnico:** Ramón Fernández Torres, Pablo Aller (Peña Trevinca),  
Martín Morales (Limiactiva)

## CÓMO CHEGAR Á ZONA DE COMPETICIÓN



### Pola Autovía do Barbanza AG-11:

Dende a AP-9, en Padrón collemos a AG-11 ata a saída 24. Na primeira rotonda (ver croquis) tómase a terceira saída en dirección BOIRO-ESCARABOTE-NOIA. Crúzase a autovía e na seguinte rotonda, cóllese a primeira saída. Vaise paralelo á autovía e na seguinte rotonda, tomase a primeira saída en dirección Noia (DP-1105/AC-3101). Recorridos 6 km, chegando a Moimenta tómase o desvío a esquerda que sube á base militar EVA nº10.

Despois de 9 km por esta estrada, atopamos a base e seguimos 3 km máis pola mesma ata a zona de secretaría. A parte final do traxecto farase por unha pista de terra.

### Dende Noia:

Saír da cidade en dirección Porto do Son (AC-550) e ó pasar a ponte sobre a ría, tomar a esquerda a estrada AC-3101 en dirección Boiro. A 8 km, saíndo de Moimenta debese tomar á dereita a estrada que sube á base militar EVA nº10. Despois de 9 km

por esta estrada, atopamos a base e seguimos 3 km máis pola mesma ata a zona de saída. A parte final do traxecto farase por unha pista de terra.

*Estará sinalizado dende a saída de Noia e dende a saída 24 da AG-11.*

## LUGAR DE CONCENTRACIÓN, SAÍDAS E META

Situación: 42°41'44" N – 8°55'58" W

<https://www.google.es/maps/@42.695506,-8.9345391,3170m/data=!3m1!1e3>

Como non hai moito sitio para o aparcamento, haberá xente da organización que axudará no mesmo e distribuirá aos asistentes segundo o tipo de vehículo (pola súa altura ao chan). Pregase que se aparque procurando facilitar o aparcamento dos demais. Pódese aparcar ós lados da pista de acceso, sempre que se deixe libre ésta para circular en dobre sentido.




## HORARIO

- 9:30 h.: Apertura da secretaría
- 10:30 h.: Saída dos primeiros corredores
- 11:00–12:00 h.: Saídas dos corredores do percorrido 0, INI CORTA
- 10:30–12:00 h.: Saídas dos corredores do percorrido 3, INI LONGA
- 14:30 h.: Peche de meta

## MAPA

- Chans do Barbanza
- Equidistancia: 5 m.
- Escala: 1:5000 percorridos 0, 1 e 2; 1:7500 para o resto
- N° de rexistro: C-1580-14



“O mapa foi realizado conforme á normativa **ISOM 2000** da IOF, respectando tamaños mínimos de elementos rochosos e afloramentos, sendo ambos elementos os máis predominantes no mapa. Foi debuxado en orixe a escala 1:15000 para evitar superposición de elementos, e poder adoitar un criterio xeral para todo o mapa no tocante a agrupamentos de pedras próximas entre sí, tal e como indica a norma; así a todo, adaptouse un apartado da mesma, modificando lixeiramente a utilización do símbolo 208, que na norma se describe:

### **208. Zona de pedras**

Unha zona cuberta de tantos bloques de pedra que non poden ser representados individualmente se sinalará por medio de pequenos triángulos sólidos de proporcións entre os seus lados 8:6:5. **Deberán colocarse un mínimo de dous.** Para mostrar zonas cunha apreciable diferenza de tamaño entre os seus bloques, está permitido agrandar o símbolo un 20%.

O sulñado no paragrafo anterior foi o punto modificado. O criterio utilizado neste caso foi o de debuxar un só triángulo para cada grupo de pedras aillado dos demais. Tamén se estableceu

*un segundo tamaño, un 20% maior que o anterior, tal e como permite a norma, para grupos maiores. Isto no tocante a agrupamentos de pedras separadas entre sí. Para amoreamentos de pedras, ou grupos de pedras moi grandes e próximas, utilizouse o símbolo 209 en dúas variantes, unha delas un 25% maior que a orixinal, tal e como tamén permite a norma, para distinguir grupos todavía maiores. Quíxose diferenciar con isto entre grupos de pedras de grandes dimensións, e masas rochosas, ou pedras xigantes, que as hai.*

*En definitiva, como o no mapa predominan os elementos rochosos, púxose especial atención a estes, tratando de favorecer tanto a lexibilidade do plano por parte do corredor, como a posibilidade de trazados por parte da organización, unificando dalgún xeito as dúas tendencias predominantes na cartografía actual: a clásica, da simplificación do debuxo, e a mais contemporánea, do detalle máximo.*

*Por último, valorouse a posibilidade de cartografiar tódolos pequenos montículos do terreo, ou cotas, que neste caso serían pequenos afloramentos que emerxen do terreo. Finalmente, desbotouse para evitar a saturación de elementos no plano, tendo en conta que principalmente servirían como apoio ó corredor”*

## PERCORRIDOS

Carreira de distancia media.

A velocidade de carreira será media/alta. Existen bastantes zonas despexadas onde en xeral se poderá correr libremente, reducíndose a velocidade naquelas zonas con presenza de vexetación baixa. A gran concentración de elementos de pedra en determinadas zonas do mapa obrigarán a unha lectura coidadosa do terreo. Nalgunhas zonas pode haber concentración de balizas polo que se fai imprescindible comprobar que o número de control se corresponde co teu percorrido.

Existen no mapa zonas de vexetación baixa que fan recomendable o uso de polainas ou calquera outro tipo de protección.


PERCORRIDO	CATEGORÍAS	DISTANCIA	DESNIVEL	BALIZAS
0	INI CORTA	2,5 km	40 m	11
1	H12 - M12	2,7 km	50 m	13
2	H14 - M14	2,7 km	55 m	13
3	INI LONGA	4 km	85 m	13
4	H16 - M16	3,6 km	85 m	14
5	H21C - M21C	3,3 km	90 m	14
6	M21 - H18 - M18	3,9 km	120 m	16
7	H55 - M55 - M45	2,5 km	75 m	13
8	H45 - M35	3,2 km	95 m	16
9a	M21L - H21	3,5 km	105 m	18
9b	M21L - H21	3,5 km	105 m	18
10	ME - H21L	4,4 km	140 m	20
11a	H35	5,2 km	190 m	20
11b	H35	5,2 km	190 m	20
11c	H35	5,2 km	190 m	20
12a	ÉLITE	5,8 km	160 m	20
12b	ÉLITE	5,8 km	160 m	20
12c	ÉLITE	5,8 km	160 m	20

**IMPORTANTE:** Os percorridos 9, 11 e 12 inclúen volveretas e de ahí o seu desdoblamento. Os corredores terán os mesmos controis, pero haberá seccións que farán en orde diferente. No listado de saídas recollerase á asignación de cada corredor a cada unha das variantes. No momento da saída é moi importante que se identifique correctamente o mapa correspondente.

Tendo en conta as características do terreo, de moita visibilidade, os horarios de saída dos percorridos vanse adaptar para evitar concentracións e coincidencias de corredores no mapa.

## ESQUEMA DA SAÍDA

Os percorridos de iniciación terán baliza de saída, e polo tanto poden iniciar a carreira cando o consideren oportuno.



## AVITUALLAMENTOS

Haberá avituallamento de auga durante a proba, e de auga e froita na meta para todos os percorridos.

Vaise instalar unha carpa ónde haberá servizo de cafetería e bar, coa posibilidade de facer comidas tamén.

## INFORMACIÓN ECOLÓXICAMENTE MOI IMPORTANTE

Na zona de competición atoparase, case con seguridade, gando en liberdade (cabalos, vacas ou ovellas), polo que recomendamos ós corredores que teñan o máximo respecto e coidado durante o transcurso da proba.

Tirar ó chan desperdicios non orgánicos antes, durante ou despois da competición en toda a área de competición (saída, chegada, aparcamento ou mapa) supón a descualificación do corredor/a.

## INSCRICIÓNS

A través da web da Federación Galega de orientación ([www.fegado.es](http://www.fegado.es)) seleccionando o evento no calendario e marcando a categoría na que desexa inscribirse.

Data límite: **martes 30 de Xuño, 22 h**

Os participantes que non teñan usuario na intranet terán que rexistrarse antes.

### Cotas de inscrición:

- Federados: 4 euros
- Non federados (con seguro e licenza de 1 día):
  - INICIACIÓN CURTA: 6 euros.
  - INICIACIÓN LONGA: 8 euros.

A estes importes engadiranse 3 euros en caso de precisar alugar a pinza **SportIdent** (obrigatoria para todos os percorridos).

O pago das inscricións + aluguer das pinzas Sportident realizarase mediante ingreso na seguinte conta bancaria:

- IBAN ES88 2080 0388 27 3110001949 (ABANCA)
- CONCEPTO: ORI USC + nome do clube (ou nome do participante)
- Os xustificantes do ingreso deberán enviarse a [orientacionusc@gmail.com](mailto:orientacionusc@gmail.com)



## POSIBLES INCIDENCIAS SPORTIDENT

Resumo do procedemento de actuación ante posibles incidencias SportIdent (FEDO)

### **CORREDOR QUE NON DESCARGA A SÚA TARXETA (PINZA) SPORTIDENT Ó REMATAR**

Todo corredor debe picar o punto meta SportIdent (doble círculo no mapa) e posteriormente ir descargar a súa tarxeta (pinza) onde estea previsto pola organización.

En todo caso, aceptarase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata que sexa o peche da meta. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados FÓRA DE CONTROL.

### **CORREDOR QUE NON LIMPA A SÚA TARXETA NA SAÍDA**

É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación SportIdent correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será descualificado por ERRO EN TARXETA.

O sistema de pinza manual só é válido se a estación SportIdent está avariada. Algo similar sucede coa baliza checa, que só é válida se desaparece todo o sistema de control da baliza (estación e pinza tradicional).

### **CORREDOR Ó QUE LLE FALTA ALGÚN PUNTO DE CONTROL NA TARXETA**

Será automaticamente descualificado. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e a luz da estación ó introducirlle a pinza SportIdent.

Esta descualificación inclúe tódalas posibilidades, excepto que se comprobe que o sistema fallou. Entón, a estación non dá luz nin son, polo que o corredor é responsable de detectalo, e picar manualmente no lugar establecido para eses casos no seu mapa.

### **CORREDOR QUE ENTRA EN META E NON PICA.**

Todo corredor que entre en meta e non pica o punto meta, pode volver a picalo. En cambio si deixou algún outro punto do seu percorrido sen picar, non pode volver ó terreo.

#### RECORDATORIO:

- Limpar e comprobar a tarxeta ou pinza na saída.
- Coidado con descualificar por non esperar pitido e/ou luz na estación.
- Seguir a orde numérica de controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3, non se descualifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc.
- É obrigatorio picar na estación de meta, e despois descargar na estación-descarga na secretaría. Así comprobaremos que non queda ninguén “perdido” no monte.

ORGANIZA



SERVIZO DE DEPORTES

COLABORA



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte



CABREIROÁ